

1.4. FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL COS SERVIZOS SOCIAIS E EDUCATIVOS DO CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓNS.

Dentro do Proxecto Educativo do IES Mendiño figura a colaboración do noso centro con entidades e asociacións culturais ou sociais que perseguen certos fins que cremos son positivos para a vida do noso alumnado, non só desde o punto de vista académico senón tamén cultural e, asemade, social.

Xa que logo, a través deste tipo de colaboracións, preténdese estimular o sentido da liberdade e a responsabilidade do alumnado en relación coa súa contorna social, o respecto ás normas de convivencia democrática, o coñecemento e o aprecio do patrimonio cultural de noso e, por extensión, o dos outros.

Coidamos que a escola debe ser activa, colaborativa e estar sempre aberta ao que rodea e pode enriquecer aos nosos rapaces e rapazas. É por iso que, desde hai xa varios cursos, o noso centro vén colaborando con diferentes organismos e asociacións, a partir do Proxecto de Actividades Culturais programadas cada curso académico polos diferentes Departamentos Didáticos, polo Equipo de Normalización Lingüística, polo Equipo de Biblioteca e por Vicedirección. Xa que logo, estas actividades culturais convértense nun recurso e nun activo servizo de información, cumprindo un papel esencial en relación coa aprendizaxe do alumnado, coas tarefas docentes e coa contorna social e cultural do centro. Asemade, permítelles aos nosos rapaces e rapazas estaren presentes de maneira máis activa na sociedade da que forman parte, facéndoos comprensores e críticos ante aquilo que os rodea.

Imos proceder a citar algunhas das entidades e asociacións coas que o noso centro colabora activamente:

- O Concello de Redondela, a través de das súas concellalías de Ensino, Cultura, Educación, Deportes e Servizos Sociais e o Obradoiro de Emprego...
- A Biblioteca Municipal e o resto das Bibliotecas Escolares do concello.

- A Radio municipal.
- A Televisión dixital redondelá.
- O Colectivo TRESPÉS.
- O Seminario de Estudos Redondeláns (SEREN).
- “Ponte nas ondas”
- A Universidade de Santiago de Compostela.
- A Universidade de Vigo.
- O Fondo Galego de Cooperación para a Paz.
- A Fundación PENZOL.
- O Club de balonman A SAR
- O Club de Baloncesto de .Redondela.
- A Piscina Municipal.

O xeito de colaboración é dobre. Dunha banda, desde diferentes asociacións ou institucións se nos propón unha colaboración determinada na que o noso alumnado é protagonista activo, servindo de modelo ou de trasmisor de cara a outros sectores poboacionais; por exemplo, participando nun programa de radio a través do cal se pretenden traballar conceptos como a solidariedade ou o entendemento e respecto cara ao diferente. Doutra banda, desde o propio centro, se pide a colaboración de organismos ou asociacións para que contribúan a unha maior e mellor integración dos nosos rapaces e rapazas no medio do que forman parte; por exemplo, o feito de posibilitar o acceso a lugares de interese natural ou histórico de noso, como o Monte Penide, a Illa de San Simón, o Museo de Rande, etc.